







LIBROS PARA
DESFRUTAR NA
AULA, COMPARTIR E
APRENDER




AMIZADE:

LIBRO	RESEÑA
	Este libro fala da historia dun oso pianista que soña con tocar en grandes lugares. Deixa o seu bosque e os seus amigos pero estes non o esquecen. <i>Precioso álbum ilustrado que nos permite traballar moitos valores .</i>
	Este libro conta a historia dun neno que atopa un pingüín e decide levalo ó seu fogar. Cando por fin o conseguen danse de conta o importante que é a súa amizade.
	O peixiño, protagonista da historia, reparte ó longo do libro as súas escamas entre os demais. Un exemplo de amizade e xenerosidade. Dispoñemos de varios títulos distintos que teñen a este peixiño como protagonista.
	Este libro conta a historia dun león que atopa ferido un paxariño e o acolle e coida ó longo dun inverno na súa casa. Cando chega a primavera e o paxariño se recupera plantéxase o dilema de se marchar cos outros paxariños ou quedar co león. Precioso e delicado álbum ilustrado.

	Este libro conta a historia dun esquío que recibe unha carta cunha boa nova e vai facer a visita correspondente. Polo camiño atopa diversos amigos que lle piden axuda e el lles corresponde xenerosamente. Precioso álbum ilustrado cun final precioso e cheo de delicadeza.
	Este conto cóntanos a relación entre dous amigos, un oso e un neno. O oso sente que o neno abusa da relación e decide facerlle ver ó neno que iso non é correcto. Albúm moi recomendable para analizar que é a amizade.


AMOR

	Este libro conta a historia dunha lebre e o su fillo na que se van dicindo canto se queren. O fillo intenta sempre dicirlle á nai que a quere moito pero a nai sempre atopa a forma de quere-lo máis. <i>Precioso libro que nos anima a expresar o que sentimos polos demais dunha forma moi natural.</i>
	A protagonista desta historia quere descubrir que é o amor e vai preguntando ós membros da súa familia. Cada un lle explica o que é para el. <i>Simpático libro que nos axuda a ver que o amor é algo diferente para cada un e que hai moitas formas de manifestalo.</i>
	Conto de amor entre unha parella de persoas maiores que se seguen querendo e gustando á pesares dos estragos que o tempo vai producindo no aspecto exterior. Pode axudar a ver ós avós dende outro punto de vista.
	Este libro conta o comezo da historia de amor entre un caracol e unha lagartiña. Teñen moitos obstáculos que superar pero grazas ó amor atopan solución.

	Preciosa historia que nos sitúa nun lugar onde hai que mercar as palabras e trágalas para poder dicilas. Un lugar onde as palabras máis importantes valen moitos cartos e non todos teñen acceso a elas. <i>Demuestra que como as palabras cobran vida e se enchen de significado grazas á emoción coa que se pronuncian.</i> <i>Libro cheo de poesía.</i>
	Album ilustrado que nos amosa a relación entre dous amigos que se queren pero que ás veces se enfadan e teñen puntos de vista distintos.
	Adaptación sinxela do clásico da literatura universal. Míralo dende o punto de vista crítico.
	Este conto forma parte dunha serie de 4 libros (tres disponibles no colexio). Conta a historia dun crocodilo que se namora dunha xirafa . Nos posteriores libros como se van vivir xuntos e coma forman unha familia. <i>Rompe estereotipos, el é máis baixiño cae ela, amosa como ceden as dúas partes nunha relación de amor e como a diferenza é positiva .</i>





Conto clásico que nos amosa a historia de amor entre un soldadino de chumbo e unha bailarina.




Albún ilustrado que nos conta a historia dun cactus que o único que precisaba era que lle deran unha aperta, que lle demostraran que estaban con el.

Este libro nos achega a importancia dos xestos de amor .

ACOSO

LIBRO	RESEÑA
	Este libro conta a historia dun neno ó que un grupo de rapaces ridiculiza. Vemos como se vai dibuxando a figura do neno “acosador” e como vai cambiando ó longo do conto. O mesmo pasa co personaxe do neno acosado. Sinxelo conto para reflexionar na clase sobre estes comportamentos e analizar os distintos puntos de vista.
	Clásico álbum ilustrado, onde se nos conta a historia dunha nena á que os seus compañeiros ridiculizan continuamente e como ela sobreponse a todo iso coa axuda da imaxinación e unha moi boa autoestima.
	Neste libro cóntase a historia dun neno que sofre as burlas e risas doutro e como coa axuda dunha nena se sobrepón. A figura da nena é importante porque da un paso adiante e sepárase da influencia do grupo para pensar por sí mesma e tomar as súas decisións.







Neste libros vemos o que pasa nunha escola dende a perspectiva dunha nena moi observadora. Ela dase de conta dos nenos que molestan ós demais, dos que se ríen doutros e do silencio cómplice de todos.


Moi bo libro que fala non só de acosadores e acosados, se non tamén dos que están ó redor e calan.

AUTOESTIMA

AUTOCONCEPTO

TÍTULO	DESCRIPCIÓN
	Este conto cóntanos a historia dunha rapaza á que lle gusta un neno e vai cambiando cousas dela para achegarse ó rapaz. Finalmente dase conta de que así deixa de ser ela. Libro moi recomendable para todas as idades.
	Este libro poético e metafórico, conta coma Pupa vai deixando atrás os seus medos que lle impiden ser libre. Medos contradictorios e comúns a moitos de nós. Moi recomendable para todas as idades. Comprenderase mellor nas idades máis altas.
	Precioso álbum ilustrado. A protagonista do libro é tan tímida que non a descubrimos ata o final. Pouco a pouco ela vai vencendo a súa timidez. Ela quere escoitar o son dos paxaros e irao buscando, abríndose así ó mundo é os demais.
	Precioso libro que nos amosa que todas e todos temos superpoderes e que eses poderes son do máis común. Temos que saber miralos e valorarlos coma tales. Libro moi completo que da moito xogo para traballar a autoestima e habilidades que todos temos e poñelas en valor.

	Este libro conta a historia dun neno que decide pintar as uñas e iso non é ven entendido por todo o mundo. Este libro fai reflexionar sobre as normas e consensos sociais e coma nos poden condicionar a hora de ser libres e estar a gusto con nós mesmo.
	Neste libro descubrimos á protagonista nun parque e vivimos con ela a súa mirada e sentimos con ela as súas reflexións. Este libro está cheo de poesía
	Neste precioso álbum ilustrado coñecemos a unha pequena primata que a pesares de ser a máis pequena é capaz de facer grandes cousas e enfrentarse ós seus medos e inseguridades.
	A protagonista deste libro é distinta, ve a vida doutra maneira que non ven os demais e non se deixa levar polo que a rodea.






Neste libro a protagonista, unha bruxa coa típica estética de bruxa, decide cambiar para gustar a alguén. O resultado non é o que ela espera nin a outra persoa.

Libro sinxelo e moi interesante sobre o que é gustar os demais e por que gustamos: polo que se ve ou polo que somos.


O CORPO


LIBRO	RESEÑA
	Neste libro imos descubrindo un monstruo que é moi particular. A través da descrición imos traballando as distintas partes do corpo. Permite os nenos imaxinar a Ricardo e debuxalo, sempre que non se lles amosen as ilustracións.
	Este libro está dividido en tres partes: cabeza, tronco e extremidades inferiores. Encántalles mover e combinar as tres partes e crear criaturas novas. Á vez que fan corpos novos compoñen novos nomes. Permite traballar as tres partes principais do corpo.
	A través dunha divertida araña imos aprendendo as distintas partes do corpo dun neno, nu e real.

	Este clásico conto permítenos ir traballando as diferentes partes do corpo e a descripción desas partes.
	Os dous libro permítennos amosar que todos somos diferentes, cunhas características físicas que nos fan únicos e permítenos xogar a imaxinar.
	Respecto o corpo e valoración do mesmo, sexa como sexa, é unha das aprendizaxes que podemos extraer deste fermoso conto. Imprescindible.
	Este precioso álbum ilustrado acércanos á realidade dalgúns nenos con algunha discapacidade física. Neste caso o protagonista non pode andar pero sí pode facer outras cousas e enfrentarse ás súas limitacións.

	A protagonista deste libro supera as súas limitacións visuais, potencia as súas cualidades e saca o mellor dela.
	Libro para aprender a mirar sen o sentido da vista.
	Este libro achéganos dunha forma moi sinxela á linguaxe de signos española, lingua oficial das persoas xordas.

FAMILIA

LIBRO	RESEÑA
	Neste libro cóntasenos a fermosa espera dunha nai que vai a adoptar un fillo. Como ela vai cambiando igual que as nais cambian durante o embarazo.
	Clásico libro, para falar da separación e dos nenos e nenas que viven en custodia compartida e teñen dúas casas.
	Baseado nunha historia real, este libro serve para ver distintos tipos de familia, coma a que formas estes dous pingüíns.

	Nos libro das colección de Crocodilo e Xirafa vemos unha familia formada por especies de animais moi distintos pero que os une o amor. Gracias a ese amor superan todos os impedimentos e atrancos para a súa relación: dende vivir xuntos ata facer unha casa que sea axeitada para os dous.
	
	Este libro conta a historia dunha nena que vive soa coa súa nai. Sen ningún complexo amósanos a súa vida e singularidade.

	Neste libro imos coñecendo a familia do protagonista. Un neno que ten dous papás.
	Libro no que podemos atopar múltiples tipos de familia. Moi axeitado para que calquera neno atope unha coa que identificarse e non deixar a ningún excluído.